

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CENTROS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS DURANTE O CURSO 2024/2025.

A Resolución do 12 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 13 de febreiro de 2025, regula a xestión de probas de acreditación de competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado que curse estudos en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2024/2025.

De conformidade co previsto na cláusula décima da dita resolución, unha vez analizadas e resoltas as reclamacións e renuncias, presentadas contra a resolución provisional ante a persoa que exerce a presidencia da comisión de valoración dentro do prazo estipulado, e de acordo coa súa proposta

RESOLVO

Primeiro-. Seleccionar aos centros docentes públicos que figuran no anexo I, como beneficiarios das axudas para a xestión de probas de acreditación de competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado e na contía que se especifican nel.

Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal esta resolución definitiva.

Segundo-. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

